

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha: a primeira sen apartados optativos e as tres seguintes con posibilidade de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. VALORACIÓN E SELECCIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO. (2,5 puntos)

Acaba de empezar vostede a traballar no departamento de riscos dunha importante empresa do sector pesqueiro, con sede social en Galicia, cuxa actividade principal é fornecer peixe e mariscos ás grandes áreas comerciais e aos mercados centrais en todo o territorio español. O xefe do departamento chámalle ao seu despacho para contarlle que a empresa se propón facer un investimento nunha nave, fóra de Galicia, na que centralizar os labores de compra e almacén. Barállanse dúas posibles localizacións: Avilés e Fuenterrabía. Desagrégalle os fluxos netos de caixa previstos para os tres primeiros anos, que son estes:

Proxecto	Desembolso inicial	Fluxo de caixa ano 1	Fluxo de caixa ano 2	Fluxo de caixa ano 3
Avilés	290.000€	150.000€	240.000€	300.000€
Fuenterrabía	320.000€	200.000€	288.000€	360.000€

A pesar da súa escasa experiencia, consciente da súa boa formación económica, o xefe pídelle un informe no que ha de resolver estes **tres apartados**:

- 1.1.** Determine o Valor Actualizado Neto (VAN) de cada proxecto, supondo que a taxa de desconto é do 5%. **(1 punto)**
- 1.2.** Calcule o prazo de recuperación (*payback*) de cada proxecto. **(1 punto)**
- 1.3.** A partir dos resultados anteriores, xustifique cal dos dous proxectos sería preferible. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 2. BALANCE. (2,5 puntos)

Como ao xefe gustoulle o seu informe anterior, chámalle de novo para pedirle agora a avaliación da viabilidade dunha empresa que está a se expor adquirir, da cal só lle chega a valoración dos elementos que constitúen o patrimonio da empresa, concretamente estes:

Provedores: 25.000€	Bancos: 9.000€	Aplicacións informáticas: 12.000€
Cientes: 15.000€	Mercadorías: 8.000€	Mobiliario: 30.000€
Reservas: 14.000€	Maquinaria: 50.000€	Préstamos a longo prazo: 50.000€

Agradecéndolle o favor e insinuándolle expectativas de consolidación no seu posto de traballo, pídelle que **responda estes dous apartados**:

- 2.1.** Clasifique o balance en masas patrimoniais e calcule a cifra de capital. **(1 punto)**
- 2.2.** Responda un destes dous subapartados:
 - 2.2.1.** Determine o fondo de manobra de dúas formas distintas e comente os resultados. **(1, 5 puntos)**
 - 2.2.2.** Calcule a ratio de autonomía financeira, $A = \text{recursos propios} / (\text{pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})$, e a rendabilidade financeira, tendo en conta que o beneficio neto obtido no exercicio é de 8.000€. Comente os resultados. **(1, 5 puntos)**

PREGUNTA 3. EMPRESA Y ENTORNO. (2,5 puntos)

Pasados uns anos, dado que a súa situación laboral non mellora e as promesas quedan niso, está vostede valorando aceptar unha oferta de emprego noutra empresa dunha rama de actividade distinta. Trátase dunha empresa fundada hai 20 anos como sociedade anónima, tamén con sede en Galicia, que ten como obxecto da súa actividade a produción e primeira transformación do aluminio, con destino ao mercado nacional. O número de empregados é superior a 250 e a facturación anual supera os 50.000.000€. A empresa presentou no último ano un produto denominado “aluminio verde”, un produto de alta calidade, obtido a partir de reciclaxe de chatarra nunha porcentaxe próxima ao 90%, algo non alcanzado ata este momento. Para logralo introduciuse unha nova tecnoloxía resultante dun acordo cun grupo de investigadores das universidades galegas. No plan presentado para os próximos 2 anos a empresa vai tomar as seguintes medidas : investir en nova planta para o tratamento das augas residuais, co obxectivo de purificar e reutilizar a totalidade da auga empregada no seu proceso produtivo, instalación de plantas fotovoltaicas de autoconsumo e contratos para subministracións de electricidade procedentes de fontes de enerxía renovables e introdución de elementos tecnolóxicos que permitan a redución de emisións á atmosfera. Para tomar a decisión, ha de **responder estes dous apartados**:

3.1. Clasifique a empresa segundo os seguintes criterios: propiedade do capital, actividade, tamaño e zona xeográfica. **(1 punto)**

3.2. Responda un destes dous subapartados:

3.2.1. Explique que é a innovación e identifique no texto os tipos de innovación segundo a área de mellora (produto e proceso). **(1,5 puntos)**

3.2.2. Explique que é a responsabilidade social corporativa na área medioambiental e identifique as medidas que neste ámbito se relacionan no texto. **(1,5 puntos)**

PREGUNTA 4. HERRAMIENTAS PARA INNOVAR EN MODELOS DE NEGOCIO Y GESTIÓN. (2,5 puntos)

Nunha pausa para café, mirando a prensa, decátase vostede da que, en 2018, dous socios crearon a plataforma The wise seeker, que elimina as desviacións á hora de buscar talento (currículo, sexo, idade ou nacionalidade) e calibra as habilidades das persoas someténdoo a unha serie de probas para detectar aos mellores candidatos. Emprederon esta iniciativa ao chegar á conclusión que a tecnoloxía podía axudar a resolver moitos dos problemas no sector dos recursos humanos, en concreto propuxéronse que a información sexa obxectiva tanto para os usuarios como para as empresas. En 2019 montaron un prototipo, probárono con Telefónica e Iberdrola e funcionou. A plataforma é de acceso gratuíto, pero conta con servizos extra aos que se accede a través de micro pagos. (Adaptado de: *El País Negocios*, 11 de agosto de 2024)

Aínda que estea contento na súa nova empresa, a curiosidade lévalle a escravellar na plataforma sobre recursos humanos, pero, para iso, antes ha de **responder estes dous apartados**:

4.1. Explique que é un nicho de mercado e identifíqueo no texto. **(1 punto)**

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Explique que é un prototipo e identifíqueo no texto xustificando a súa utilidade. **(1,5 puntos)**

4.2.2. Identifique no texto o modelo de negocio e explíqueo. **(1,5 puntos)**